



ENTROIDO CAMARIÑAS 2013

CONCURSO DE DISFRACES

Co gallo do Entroido 2013 o Concello de Camariñas organiza o Concurso de Comparsas con dúas modalidades Comparsa Infantil e Comparsa adultos, que se celebrará en Camariñas o martes 12 de febreiro.

A convocatoria deste concurso vai dirixida a tódolos cidadáns que desexen participar conforme ás seguintes:

BASES

A. CONCURSO DE COMPARSAS INFANTIL

1. Poderán só participar nenos/as menores de 16 anos que se inscriban previamente na Biblioteca Municipal, de luns a venres, en horario de 10:00 a 13:00h e 16:00 a 18:30. Deberán designar a un adulto como representante.

A inscrición estará aberta ata ás 13:00h do luns día 11 de febreiro do 2013.

2. No Concurso de Comparsas Infantil poderán participar todos aqueles grupos que o desexen, debendo estar formados por un mínimo de 5 persoas, cuxos disfraces deberán gardar ente si coherencia e uniformidade.
3. Previo ao concurso realizarase unha exhibición das comparsas participantes pola rúas de Camariñas que seguirá o seguinte percorrido: saída da Praza do Concello, ás 16:30h., Avda. da Coruña, Cantón Miguel Feijoo, San Miguel, Rúa Areal, Avda. Eugenio López.

O xurado cualificará positivamente a participación das comparsas neste percorrido

4. O concurso de Comparsas Infantil levarase a cabo durante o desenvolvemento do Baile de Disfraces que terá lugar o martes 12 de febreiro do 2013, a partir das 17:00 horas, no Pavillón Polideportivo de Camariñas. No transcurso do mesmo, o Xurado Cualificador valorará e



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

puntuará a tódalas persoas que acudan disfrazadas, publicándose a súa decisión ó remate do desfile. A resolución do Xurado será inapelable.

5. Os membros de Xurado terán en conta ó outorgar as diferentes puntuacións a orixinalidade e harmonía de cada comparsa, a posta en escena, a simpatía na representación dos disfraces sobre o escenario e a participación no desfile previo ao concurso, así como a confección do mesmo con motivos propios do Entroido, sendo a puntuación de 1 a 5 puntos.
6. O Xurado entregará os seguintes premios:

1º premio: 80€
2º premio: 50€
7. No caso de empate o xurado procederá a unha nova votación ata conceder os premios estipulados no apartado anterior. Pode declarar desertos os premios que non acaden un nivel de calidade axeitado .
8. Finalizado o concurso, procederá á entrega dos premios en metálico ao representante adulto asignado pola agrupación no momento de realizar a inscrición.
9. O importe dos premios será aboado polo Concello de Camariñas con cargo ó seu presuposto.
10. Os membros do Xurado serán designados polo Concello de Camariñas.
12. Para ampliar información dirixirse á Biblioteca Municipal de Camariñas.

Teléfono 981737234. Email: anamartinez.biblioteca@camarinas.net

B. CONCURSO DE COMPARSAS ADULTOS

1. Poderán participar tódalas persoas a partir de 16 anos, que se inscriban previamente na Biblioteca Municipal, de luns a venres, en horario de 10:00 a 13:00h e 16:00 a 18:30h.

A inscrición estará aberta ata ás 13:00 horas do luns día 11 de febreiro do 2013.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2. No Concurso de Comparsas Adultos poderán participar todos aqueles grupos que o desexen, debendo estar formados por un mínimo de 5 persoas, cuxos disfraces deberán gardar ente si coherencia e uniformidade.
3. Previo ao concurso realizarase unha exhibición das comparsas participantes pola rúas de Camariñas que seguirá o seguinte percorrido: saída da Praza do Concello, ás 16:30h., Avda. da Coruña, Cantón Miguel Feijoo, San Miguel, Rúa Areal, Avda. Eugenio López.

O xurado cualificará positivamente a participación das comparsas neste percorrido.

4. O concurso de Comparsas Infantil levarase a cabo durante o desenvolvemento do Baile de Disfraces que terá lugar o martes 12 de febreiro do 2013, a partir das 17:00 horas, no Pavillón Polideportivo de Camariñas. No transcurso do mesmo, o Xurado Cualificador valorará e puntuará a tódalas persoas que acudan disfrazadas, publicándose a súa decisión ó remate do desfile. A resolución do Xurado será inapelable
5. Os membros de Xurado terán en conta ó outorgar as diferentes puntuacións a orixinalidade e harmonía de cada comparsa, a posta en escena, a simpatía na representación dos disfraces sobre o escenario e a participación no desfile previo ao concurso, así como a confección do mesmo con motivos propios do Entroido, sendo a puntuación de 1 a 5 puntos.
6. O Xurado outorgará os seguintes PREMIOS:

- **Primeiro premio: 350€**
- **Segundo premio: 200€**
- **Terceiro premio: 150 €**

7. No caso de empate o xurado procederá a unha nova votación ata conceder os premios estipulados no apartado anterior. Pode declarar desertos os premios que non acaden un nivel de calidade axeitado.
8. Finalizado o concurso, procederase á entrega dos premios en metálico ao representante asignado pola agrupación no momento de realizar a inscrición.
9. O importe dos premios será aboado polo Concello de Camariñas con cargo ó seu presuposto.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

11. Os membros do Xurado serán designados polo Concello de Camariñas.
12. Para ampliar información dirixirse á Biblioteca Municipal de Camariñas.
Teléfono 981737234. Email: anamartinez.biblioteca@camarinas.net

A Concelleira de Cultura

Asdo.Sandra Insua Rial



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ENTROIDO CAMARIÑAS 2013- CONCURSO DE DISFRACES

MODALIDADE COMPARSA INFANTIL

MODALIDADE COMPARSA ADULTO

Nome do responsable.....

DNI:..... Teléfono...../.....

Data de nacementoEmail.....

Enderezo.....

Nome do Grupo:.....

Fantasía do disfraz.....

Nº de participantes do grupo.....

Solicita inscribirse no Concurso de Disfraces do Entroido Camariñas 2013, aceptando tódolos apartados das bases elaboradas a tal efecto.

Camariñas, a..... de.....de 2013

ASDO:.....